



DEPORTE
GALEGO

OPEN MAR-COSTA DÚOS 2024

O Campionato Galego Open de Mar-Costa Dúos, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Casting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Lugo, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade. A Competición rexeráse por estas bases, polas normas autonómicas en materia de pesca marítima de recreo e polo Regulamento de Competición da F.G.P. e C.

Lugar e Data:

Desenvolverase nas praias de Covas e Area

Na data : 18 de maio do 2024. (data alternativa 25 de maio do 2024)

Ao ser esta Competición un Open, os DÚOS terán que facer para a súa inscrición un ingreso de 90,00 €, (20+25) X 2 por dúo, na conta da F.G.P. en ABANCA: ES34 2080 0176 9630 4001 0672 ata o día 9 de maio do 2024 ás 12,00 horas (data linde de inscrición). Cómpre que os clubs inscriban aos seus deportistas exclusivamente ao correo delegadolugo@fgpesca.org

Para que esta competición de desenvolva deberá de haber unha participación mínima de 10 dúos.

É obrigatorio que cada Club achegue unha persoa para facer labores de Control. O non cumprimento desta obriga fará que os membros dese Club non poidan participar na competición.

Este Campionato é clasificatorio para o Campionato de España da especialidade do ano 2025. Os tres primeiros Dúos clasificados formarán a selección galega de especialidade no campionato de España 2025. No caso de que Galicia participe.

CLASIFICACIÓN POR DÚOS

Segue idénticos criterios que para a clasificación de mar costa individual. Coa diferenza de que pescan os dous compoñentes do dúo no mesmo posto e que se pesarán conxuntamente as capturas dos dous deportistas.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.



DEPORTE
GALEGO

Mangas: Desenvolverase en dúas mangas de tres horas cada unha delas. Tanto o inicio como no remate da manga será indicado con sinais acústicas.

Cada Club poderá facer unha primeira inscrición de, como máximo, 3 dúos.

A capacidade do escenario quedou fixada en 30 dúos. Unha vez feitas tódalas inscricións, os clubs que así o desexen, poderán inscribir máis dúos. No caso de que as inscricións superen a capacidade do escenario, as prazas adxudicaranse de forma proporcional ao número de tarxetas federativas que cada club tivese tramitadas na tempada 2023. Informarase aos clubs implicados neste procedemento sobre o número de tarxetas federativas que cadaún deles tramitou na tempada 2023.

O escenario estará dividido en cinco sectores. En cada sector marcaranse tantos postos como dea o resultado de dividir aos dúos que se teñan inscritos por cinco. Eses postos terán unha lonxitude mínima de 30 metros cadaún e máxima de 40. A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo dirixido. (A intención é repartir aos dúos dun mesmo club en sectores distintos)

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares. A baila equipararase a robaliza.

Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

Cebo: Compórase de 5 caixas gavián, 2 de coreano e 4 caixas de norte na 1ª manga, e 10 caixas de gavián e 2 de coreano na 2ª manga. O cebo subministrarao a Federación Galega de Pesca e Casting. Será o cebo que se indica ou semellante, en todo caso serán iguais cantidades e especies para tódolos deportistas.

Anzois: Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura. Os deportistas non poden atoparse en posesión nos seus postos de pesca, de anzois cunha apertura inferior a 5 cm de ancho total. Quen infrinxa esta norma será descualificado nesa manga e se fora reincidente a descualificación alcanzará a todo o campionato.

Será obrigatorio para todos os deportistas dispor como elementos auxiliares no posto de pesca dun caldeiro de polo menos 17 litros e un osixenador, que estará en funcionamento sempre que haxa capturas no mesmo.



DEPORTE
GALEGO

Medición e control das capturas

Consideraranse válidas tódalas capturas. Os peixes que non acaden a talla mínima regulamentaria puntuaranse cun punto por peza. As capturas introduciranse no caldeiro (anzoada ou desanzoada), antes de facer un novo lanzamento coa cana. Ao deportista que incumpra esta norma non se lle considerarán válidas ningunha das capturas feitas ata ese momento nesa manga.

As capturas serán verificadas polo xuíz, controis ou membros do Comité. En ningún caso poderá realizar o deportista el so a verificación. Os peixes unha vez medidos devolveranse á auga no menor tempo posible.

O/A deportista deberá de sacarlle o anzol á captura do xeito menos lesivo posible para o peixe, e deberá de manter a peza viva ata a súa verificación.

Programa:.

12,00 horas: Recepción dos participantes no escenario da proba.

12,30 horas: Sorteio de postos.

13,00 horas: Entrega da documentación.

15,30 horas: Inicio da Primeira Manga.

18,30 horas: Fin da Primeira Manga.

PAUSA

19,30 horas: Inicio da Segunda Manga.

22,30 horas: Fin da competición.

Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.

No sorteio poderán estar presentes representantes dos deportistas inscritos (que serán nomeados polos propios deportistas vía grupo de wassap creado para esta competición) e membros da organización.

Estas persoas serán tamén as únicas que poderán estar presentes na pesaxe, ademais do xuíz. Que se manterá afastado e intervirá so en caso de necesidade ou dúbida.

Normas de comportamento:

1º Para facer o lance pódese entrar na auga a altura do nocello.

2º Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de cravado e loita coa peza. . Preferentemente no centro do posto, retirado a 5 metros coma mínimo da liña separadora dos postos a súa dereita e esquerda.



DEPORTE
GALEGO

3º Ao sinal de fin da manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca, debendo retirar o aparello da auga, cobrando normalmente o aparello e decatándose da chegada dos Controis para a entrega das capturas.

Os deportistas deberán recuperar a liña rápida ou lentamente, pero a acción de recoller a tiróns está prohibida e suporá a non contabilización das capturas realizadas ata ese momento.

4º As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga ou calquera outros corpos alleos ás mesmas.

5º Os deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

6º Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou á contorna. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

7º Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

8º Soamente poderán entrar nos postos dos competidores os xuíces, capitáns do seu Club e os Controis a petición dos participantes. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

9º Os deportistas participantes deberán estar en posesión das licenzas federativa e de pesca en vigor. Asemade os clubs polos que compitan deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa FGPeC.

Tanto os dous compoñentes do dúo coma os controis, deben ter licenzas federativas polo club que representen.

10º Unha vez expostas as clasificacións provisionais, haberá un prazo de media hora para presentar reclamacións ou solicitar emendas. Esgotado este prazo as clasificacións pasarán a ser definitivas.

A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

Entorpecer ou alterar o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. A acta da competición será elevada ao Comité de Disciplina que, de ser o caso, actuará de oficio.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamentos.

As clasificacións publicaranse polo grupo de wassap.



Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, resolverá o xuíz da proba.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

Asdo. D. Manuel Campos Cruces
Presidente do Comité de Mar-Costa da F.G. P. e C.